

ANA BELÉN PUÑAL RAMA; JOÁM EVANS PIM; LUIS A. POUSA

O compromiso do Observatorio Galego dos Medios contra a discriminación de xénero

*The Galician Media Monitor's commitment
against gender discrimination*

Resumo: Dende o seu nacemento, en 2004, o Observatorio Galego dos Medios prestou especial atención a todo o referido á discriminación das mulleres nos contidos dos medios de comunicación, consciente de que as institucións mediáticas detentan un papel activo na difusión e reforzo dos estereotipos tradicionais de xénero, na invisibilización das mulleres nos distintos ámbitos sociais que hoxe en día conseguiron conquistar e no mantemento dunha posición de inferioridade respecto ao masculino. Cando aínda estaba a dar os seus primeiros pasos, o Observatorio organizou a I edición das Xornadas sobre Violencia contra as Mulleres e Medios de Comunicación. Xornadas, cursos e obradoiros sobre temáticas diversas (violencia contra as mulleres, linguaxe non sexista, invisibilización e estereotipación nos contidos...) constitúen o ronsel seguido tanto polo Observatorio Galego dos Medios como polo Colexio Profesional de Xornalistas, no que se inscriben, un camiño que desemboca no Foro Internacional Comunicación sobre Comunicación e Xénero, celebrado en novembro de 2006. No repaso desta traxectoria centráranse as liñas que seguen.

Palabras-clave: Observatorio Galego dos Medios; discriminación de xénero.

Abstract: *Since its appearance in 2004, the Galician Media Monitor has given special attention to all issues linked to women's discrimination in the media's contents, conscious that media institutions have an active role on the diffusion and reinforcement of traditional gender stereotypes, the invisibilization of women in those social spheres in which they have gained presence and the maintenance of an inferiority position compared to males. When it was giving its first steps, the Media Monitor organized the First Conference on Violence against Women and the Media. A series of courses, conferences and workshop on a diverse range of topics (violence against women, non-sexist language, invisibilization and stereotypes in contents...) is the path followed both by the Galician Media Monitor and the Galician Journalist's Professional Association, in which this International Forum on Communication and Gender (celebrated in November 2006) is a major step stone. The following pages analyse this project.*

Keywords: *Galician Media Monitor, gender discrimination..*

INTRODUCCIÓN

Nas páxinas que seguen relataremos a experiencia do Observatorio Galego dos Medios e do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (entidade á que o Observatorio se encontra adscrita) en relación co binomio comunicación e xénero. Como explicaremos máis adiante polo miúdo, o Observatorio Galego dos Medios prestou unha atención especial á representación mediática das mulleres e, dende unha visión máis ampla, das relacións de xénero, dende os seus inicios, hai agora dous anos. Por que esta preocupación? Por que é precisa, dende o noso punto de vista, esta reflexión sobre a comunicación e o xénero?

A resposta encontrámola nos numerosos traballos realizados até o momento dende a reflexión teórica e dende os estudos propiciados polo asociacionismo feminista e o ámbito profesional dos media. Dende estes tres contextos, púxose de manifesto en repetidas ocasións o sexismo latente nos medios de comunicación e a ollada androcéntrica (aquela que considera o punto de vista masculino como universal) persistente nos mesmos. Os medios son importantes difusores dos modelos vixentes de xénero, ao que podemos definir como unha construción social, determinada en boa medida por aquel conxunto de valores, normas, roles e estereotipos que se nos imponen dende os principais axentes de socialización. Xa en 1975, Gayle Rubin acuña o concepto xénero para remarcar a diferenza entre o sexo como unha diferenza meramente biolóxica (aqueles rasgos biolóxicos que nos determinan como homes ou como mulleres) e o xénero como un constructo social. Nacemos machos ou femias mais é posteriormente, e en distintos ámbitos de influencia, cando aprendemos a ser homes e mulleres, cando nos construímos como tales segundo os patróns socialmente establecidos.

A familia, a educación, o grupo de amigos e de amigas, a relixión, as institucións político administrativas e, como non, os medios de comunicación, son activos axentes de socialización na construción das identidades de xénero. Contribúen a presentar como natural unha situación de dominio que priorizou, na sociedade patriarcal, o masculino sobre o feminino. Son como nube de fume que agocha as estruturas históricas persistentes tras este sistema, tal como nos lembra Pierre Bourdieu en *La dominación masculina*: "Non vou afirmar que as estruturas de dominación sexan ahistóricas, senón que intentarei establecer que son o *producto dun traballo continuado (histórico polo tanto) de reprodución* ó que contribúen uns axentes singulares (entre os que están os homes, cunhas armas como a violencia física e a violencia simbólica) e unhas institucións: Familia, Igrexa, Escola,

Estado”¹. Malia que non son explicitamente mencionados nesta cita, os medios de comunicación contribúen activamente a esa violencia simbólica que contribúe a subrepresentar ás mulleres nos medios, a estereotipalos, a presentalas nunha posición de inferioridade respecto aos homes e a reafirmar, en definitiva, as diferencias e as desigualdades entre os xéneros. Reflexionar sobre o bionomio comunicación e xénero implica afondar no papel dos medios de comunicación como activos constructores dunhas identidades de xénero que aínda están baseadas na inferioridade do feminino sobre o masculino. Implica tamén unha reflexión sobre o poder e, polo, tanto, sobre os medios de comunicación como ese cuarto poder que, ademais, contribúe a lexitimar outros poderes, entre eles, o patriarcal.

Tanto dende o ámbito académico, como dende a propia profesión xornalística ou o movemento asociativo, teñen xurdido, dende hai anos, voces críticas comprometidas coa denuncia do sexismo e o androcentrismo persistente nos medios de comunicación. Dende o Observatorio Galego dos Medios e o Colexio Profesional de Xornalistas cremos non só na necesidade dunha reflexión sobre o sexismo subxacente nos medios de comunicación, senón tamén na pertinencia de que se faga dunha maneira conxunta, partindo do diálogo e o debate entre os distintos segmentos implicados. Como veremos nas páxinas que seguen, esta foi a filosofía coa que, até o momento, se procuraron deseñar as distintas actividades organizadas en relación coa análise sobre xénero e comunicación, dende a primeira edición das xornadas Medios de Comunicación e Violencia contra as Mulleres, en 2004, até este Foro Internacional sobre Comunicación e Xénero que neste momento se está a desenvolver. Iniciamos, pois, este percorrido que nos marcará o ronsel seguido polo Observatorio dos Medios e o Colexio Profesional de Xornalistas nestes dous últimos anos en relación coas relacións entre xénero e comunicación. Facemos reflexión a posteriori do que deron de si as distintas actividades organizadas. Dos resultados deste Foro no que agora estamos inmersas e inmersos aínda non podemos falar. Dependerá do éxito que se acade nesta convocatoria aberta ao diálogo; tamén da vontade de todas e todos nós.

NOS INICIOS. O OBSERVATORIO GALEGO DOS MEDIOS

O 16 de outubro de 2004 celebráronse en Compostela as xornadas Medios de Comunicación e Violencia contra as Mulleres, organizadas polo entón recién nado Observatorio Galego dos Medios, creado ao abeiro do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia e asociado dende un

¹ Bourdieu, Pierre (2000). *La dominación masculina*. Barcelona: Anagrama.

principio ao Media Watch Global. Foi unha xornada de traballo intenso e de profundo e estreito encontro. Profesionais dos medios de comunicación, investigadoras do ámbito académico e representantes da sociedade civil crearon un clima certamente especial, o clima do diálogo tan longamente desexado e por fin provocado.

A loita contra as discriminacións de xénero e o compromiso cunha información responsábel, transmisora dos valores relacionados coa igualdade, estivo pois presente no Observatorio Galego dos Medios dende o inicio da súa traxectoria vital e culmina agora, dous anos despois, coa realización do I Foro Internacional sobre Comunicación e Xénero, inserido nas actividades do Seminario Permanente sobre Xornalismo Social. O Observatorio Galego dos Medios parte da concepción do papel da prensa como contrapoder, segundo reza na súa Carta de Principios: “como mediador interno da sociedade civil, e voceiro desta fronte ás institucións, o sistema informativo non sería propiamente un “poder”, senón un instrumento de control, un “contrapoder”. A súa loita pola superación da ollada androcéntrica persistente nos medios de comunicación é mostra do seu compromiso na denuncia dun poder, o patriarcal, fundamente inserido nos propios alicerces da estrutura social, mais invisíbel aos ollos da maioría da sociedade, por consideraren natural esa estrutura que sustenta a desigualdade, e non froito dunhas condicións históricas e sociais que privilexiaron o masculino sobre o feminino.

Tanto a Xornada sobre Violencia contra as Mulleres e Medios de Comunicación como as actividades posteriormente organizadas dende o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia e o Observatorio Galego dos Medios en relación co compromiso coa igualdade de xénero nos medios, teñen no seu cerne a intención de servir de dinamizadoras do encontro entre a sociedade civil, as e os profesionais dos medios de comunicación e o entorno académico, en coherencia co segundo obxectivo que se propón, na súa carta fundacional, o Observatorio Galego dos Medios:

Servir de foco de converxencia da Sociedade Civil, para unha alianza estratéxica entre:

Os profesionais da información responsábel, quérese dicir, os xornalistas que reclaman o dereito a cumprir honestamente unha función esencial para os sistema democrático e para a existencia dunha sociedade civil autónoma.

A cidadanía activa, quérese dicir, os receptores de información - considerados como cidadáns e non como meros consumidores de información- que amosan a súa predisposición a intervir no control da calidade da información que se lles fornece.

Os creadores-productores do discurso teórico (analítico e programático) sobre o Sistema Informativo -no ámbito da Universidade e da investigación-: democratización informativa, mediación cualificada, criterios

deontolóxico-profesionais, propostas de carácter xurídico, iniciativas políticas ou sociais, utilización axeitada da tecnoloxía, etc.

Este triple encontro está no substrato desa primeira xornada sobre Violencia contra as Mulleres e Medios de Comunicación, e perdura na súa segunda edición (un ano despois en Lugo) así como nas diversas actividades de formación sobre xénero e comunicación celebradas en 2006. Un espírito de diálogo a tres bandas que se constitúe no alento fundamental do Foro Internacional sobre Comunicación e Xénero e o Seminario Permanente sobre Periodismo Social no que se insire.

I XORNADA MEDIOS DE COMUNICACIÓN E VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

Como xa referimos con anterioridade, o primeiro dos eventos organizado polo CPXG partía dunha fonda concepción interdisciplinar. Mulleres que foron violentadas por parte das súas parellas, avogadas, xuízas e fiscalas, médicas, representantes da policía autonómica e da garda civil, redes de apoio, responsábeis de casas de acollida, expert@s na rehabilitacións de maltratadores, xornalistas e especialistas en comunicación e xénero reuníronse en outubro de 2004 para expor as súas experiencias e pareceres e participar nun debate aberto que resultara o máis froitífero posíbel².

A xornada contou con dous relatorios marco sobre o tratamento mediático da violencia contra as mulleres -a cargo das expertas en comunicación e xénero M^a Isabel Menéndez Menéndez e Pilar López Díez- e completouse con catro mesas redondas seguidas de varias sesións de debate entre as e os participantes nas mesas e o público. As mesas estiveron centradas nos seguintes temas: 1) o tratamento mediático do suceso; 2) a ruptura co círculo da violencia e a conseguinte fase de recuperación; 3) a vida despois da violencia; 4) o papel dos medios de comunicación no tratamento da violencia contra as mulleres. Cada unha das e dos participantes achegaron, por unha banda, a súa experiencia como profesionais e expertas en relación coa violencia contra as mulleres e, por outra, a súa valoración do tratamento mediático desta realidade. Expertas e expertos, dende distintos ámbitos profesionais, valoraron a abordaxe dada pola prensa a este problema social e denunciaron algunha das súas principais eivas: información centrada no suceso, falta dunha análise a fondo, ausencia de

² As comunicacións presentadas polas persoas participantes na I Xornada Medios de Comunicación e Violencia contra as Mulleres poden consultarse na páxina do Observatorio dos Medios (www.observatoriodosmedios.org).

contextualización deste problema social nas desigualdades de xénero propias da estrutura patriarcal, tratamento morboso e espectacular, non respecto do dereito á intimidade das persoas agredidas e incidencia na vitimización das mulleres agredidas, entre outros factores.

Quizais un dos maiores éxitos das xornadas fose o debate sincero entre as e os participantes, máis aló dos lugares comúns. Abordáronse sen cortapisas cuestións tan polémicas como o debate entre a defensa do dereito á intimidade e a identificación do agresor. De feito, o punto de partida que deu lugar ás xornadas -a queixa remitida uns meses antes polo Centro de Información á Muller de Caldas de Reis a raíz do tratamento mediático que se lle dera a un xuízo por violencia doméstica na zona- tocaba abertamente este punto. Naquel caso, os medios respectaran o nome da muller agredida pero identificaban claramente ao agresor, o que a delataba igualmente, co que a súa intimidade quedaba violada. A muller vira a súa a súa vida privada exposta ao dominio público, con todo tipo de detalles morbosos, e iso dous anos despois de que se produciran os feitos, unha vez conseguira acadar unha vida independente e digna, fóra da espiral de violencia. Por outra banda, profesionais en contacto no seu traballo diario con mulleres agredidas analizaron, así mesmo, os efectos que nelas ten o ver a súa vida aireada ao público: medo, vergonza, desconfianza nos poderes públicos, mesmo reticencia a volver a denunciar para non sufrir de novo o mesmo escarnio. Tamén se chegou a debater sen tapuxos sobre a pertinencia de seguir a publicar informacións sobre violencia contra as mulleres dende a óptica habitual dos medios de comunicación, a cobertura do suceso. Incidiuse na necesidade de insistir noutros aspectos como a educación en valores de igualdade e a prevención e mesmo por parte dalgún dos participantes (en concreto, o psicólogo Manuel Lopo) se fixo referencia ao efecto contaxio que pode resultar dun tipo de informacións centradas exclusivamente no suceso en si, perniciosas en canto que poden contribuír a reforzar ao agresor. Para evitar ese efecto reforzo así como a sensación de impunidade, o psicólogo Manuel Lopo considerou convinte, así mesmo, un cambio nos focos de interese dos medios: no canto de incidir exclusivamente no episodio de violencia extrema, facer un seguimento do proceso e sacar á luz tamén aquelas informacións que teñan que ver co posterior castigo ao agresor.

Ao final das xornadas aprobouse a Declaración de Compostela, un conxunto de recomendacións para o correcto tratamento informativo da violencia contra as mulleres, o primeiro documento elaborado dende

Galicia³ neste senso. Recoñecía a Declaración a importancia dos medios de comunicación non só como subministradores dunha información veraz senón tamén como transmisores de valores relacionados coa igualdade e a loita contra a discriminación. Admitíase neste documento que, malia terse visibilizado ao fin no discurso mediático a violencia contra as mulleres⁴, que historicamente fora oculta tralas portas dos fogares ante a impasibilidade social e política, o traballo diario dos medios de comunicación estaba pexado por unha serie de eivas que era preciso evitar: “Non obstante, a cobertura informativa que se lle vén prestando a este tipo de violencia non sempre é a máis axeitada nesa dirección. Polo contrario, nesas informacións téñense detectado eivas que revisten unha enorme gravidade, entre as que hai que subliñar a que se deriva dos procedementos que ignoran ou

³ Poucos meses despois, o Servizo Galego de Igualdade aprobou un decálogo para o correcto tratamento informativo da violencia contra as mulleres. Con anterioridade, xa foran aprobadas recomendacións similares noutros puntos do Estado español, tal é o caso de *Como tratar bien a los malos tratos* (Junta de Andalucía), *Manual con lazo blanco. Manual para periodistas sobre la violencia doméstica* (promovido pola Unió de Periodistes Valencians e a Generalitat Valenciana); o manual de urxencia elaborado polo Instituto Oficial de Radio Televisión Española (IORTV) e o Instituto da Muller, a proposta de decálogo realizado polo Clube das 25, o decálogo do concello de Pamplona, as recomendacións do Instituto da Muller de Navarra, as recomendacións sobre o tratamento da violencia de xénero (elaboradas polo Col·legi de Periodistes de Catalunya, o Consell de la Informació de Catalunya, o Consell de l’Audiovisual de Catalunya, o Ajuntament de Barcelona e o Institut Catalá de la Dona) ou o Decálogo para o tratamento informativo dos maltratos no entorno familiar, do Sindicato de Periodistas das Illas Balears.

⁴ A conceptualización da violencia contra as mulleres como un problema social de graves dimensións, así como a súa visibilización política, social e mediática, é un logro da loita feminista. Foi o movemento feminista o que instaurou a consabida consigna de “o persoal e político”. O persoal inclúese dentro dunha estrutura social e política determinada que, ademais, está marcada por un carácter fundamente patriarcal. O que pasa portas adentro dos fogares, polo tanto, non pode ser ignorado polas institucións políticas. A violencia contra as mulleres vai moito máis aló de episodios illados. Forma parte dun problema social baseado na desigualdade propia dunha estrutura patriarcal, e como tal foi conceptualizado polo movemento feminista. En España, nos 80, a alianza entre o movemento feminista e as institucións fai posíbel a visibilización desta problemática. En 1983 nace o Instituto de la Mujer, que se encargará de fornecer periodicamente aos medios de datos estatísticos que den conta das dimensións acadadas pola violencia contra as mulleres. Non obstante, non foi até varios anos máis tarde, a raíz do impacto causado polo asasinato de Ana Orantes polo seu ex marido tras ter denunciado nun talk show da televisión andaluza a situación de malos tratos que vivira durante longos anos de matrimonio –a crónica dunha morte anunciada, cando a violencia contra as mulleres comeza a formar parte habitual da axenda dos medios.

subestiman o dereito á intimidade persoal e familiar das vítimas, e que por iso mesmo urxe eliminar.” O texto aprobado polas e polos presentes na Declaración de Compostela foi o seguinte:

1. A violencia de xénero baséase nun modelo patriarcal de sociedade no que o rol feminino estivo e está supeditado ao masculino.
2. Este tipo de violencia non só se manifesta nos malos tratos dentro do ámbito doméstico, senón tamén nos abusos e agresións sexuais, no acoso laboral, na prostitución, e na violencia específica e singular contra as nenas.
3. Medios e xornalistas enfocarán estas agresións como unha violación dos dereitos humanos, e como un atentado contra a liberdade e a dignidade das persoas.
4. Ante este tipo de delitos non cabe a neutralidade. Medios e xornalistas adoptarán un compromiso activo na denuncia da violencia de xénero, incentivando a toma de conciencia social sobre a problemática que comporta.
5. Medios e xornalistas afrontarán informativamente estes casos como un problema social, e tentarán enmarcalos sempre na problemática xeral da violencia contra as mulleres. En consecuencia, non se tratarán como casos illados da crónica negra, obviando o seu emprazamento nas páxinas ou bloques informativos destinados aos sucesos.
6. Evitar o sensacionalismo, o morbo e o dramatismo -tanto no tratamento do texto como das imaxes-, o que obriga aos medios audiovisuais a coidar non só a recollida de imaxes e son, senón tamén a súa edición e difusión, desbotando os recursos propios dos “reality shows”, dos programas de sucesos ou das series de ficción.
7. Respetar o dereito á intimidade e a dignidade das persoas agredidas, especialmente cando se trate de menores de idade, garantindo o seu anonimato, polo que medios e xornalistas absteranse de difundir datos ou imaxes que as poidan identificar sen antes obter o seu consentimento, respetando en todo caso o seu dereito a non facilitar a información que se lles demande.
8. Para abordar estes casos de violencia coa sensibilidade e o rigor profesional que esixen as vítimas e demandan os sectores máis concienciados da sociedade, faise necesario un tratamento especializado dos mesmos, afondando nas súas causas e nas súas consecuencias, o que comporta afrontalos con perspectiva interdisciplinar (social, económica, política, cultural...).
9. Coidar a relación coas fontes, que han ser diversas e plurais, sen cingirse exclusivamente por iso ás oficiais, tendo en conta sempre aquelas fontes expertas que contribúan a contextualizar informativamente non só o suceso en si, senón tamén os procesos aos que se terá que enfrontar con posterioridade a vítima (acollida e asistencia, tribunais, situación laboral, vivenda...), desbotando os testemuños de fontes espontáneas cando non acheguen datos relevantes para a información.

10. Facilitar información útil e de servizo ás mulleres afectadas, explicándolles os recursos dos que dispoñen -casas de acollida, asesoramento psicolóxico, trámites xudiciais, axudas da administración...- para afrontaren a súa situación con garantías e así conseguir superala.

11. Medios e xornalistas evitarán os estereotipos, prexuízos e tópicos ligados á violencia contra as mulleres:

- os malos tratos non son froito dun “feito pasional”, son un delito.
- os malos tratos son un feito transversal a todos os estratos sociais; non se producen exclusivamente entre as clases marxinais.
- a vítima nunca é responsábel do feito violento, polo que é preciso evitar un tratamento informativo que a culpabilice.
- o agresor é o único responsábel do acto violento, polo que é preciso evitar un tratamento informativo que o xustifique, como sucede sempre que se bota man doutras circunstancias persoais (alcoholismo, ciúmes...) alleas ao feito en si, desbotando en consecuencia todo aquilo que poidese asegurarlle a impunidad.
- a linguaxe sexista reforza a dominación simbólica contra as mulleres, polo que é imperativo desbotala dos relatos xornalísticos.

O texto foi asinado por un total de 77 persoas, ben pertencentes a distintos colectivos e entidades sociais ou a medios de comunicación, ben a título individual. Porén, botouse en falta o apoio oficial de moitos dos medios de comunicación galegos⁵. Malia que varios deles estiveron representados nas xornadas por parte dalgunha ou dalgún dos seus xornalistas, faltou a implicación dos seus cargos directivos nunha rúbrica que comprometése ao medio de comunicación no seu conxunto. Meses despois, o Servizo Galego de Igualdade tamén tentou que os medios de comunicación galegos subscribisen o decálogo para o correcto tratamento informativo da violencia contra as mulleres elaborado pola Administración. Porén, a falta dun compromiso real por parte dos mesmos maniféstase no explícito incumprimento dalgún dos compromisos alí subscriitos, como o correspondente ao punto 10:

Loitar contra a explotación sexual e o tráfico de persoas: os medios enmarcarán esta variante delictuosa na violencia de xénero, non presentarán a prostitución e as súas variantes como unha conduta socialmente admisíbel e non emitirán nin publicarán publicidade vexatoria para as mulleres, incluídos os anuncios sobre actividades relacionadas coa explotación sexual das persoas.

⁵ A listaxe pode consultarse na páxina web do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (www.xornalistas.com).

As páxinas de anuncios por palabras, ben nutridas con anuncios de prostitución cada vez máis explícitos, son unha boa mostra deste incumprimento. Tanto a iniciativa do Observatorio Galego de Medios como a do Servicio Galego de Igualdade puxeron de manifesto que, se ben existen cada vez máis profesionais dos medios concienciadas e concienciados coa eliminación das discriminacións en función do xénero, falta por parte dos cargos directivos un compromiso real e sincero.

II XORNADA MEDIOS DE COMUNICACIÓN E VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

En novembro de 2005 celebrouse a II edición da Xornada Medios de Comunicación e Violencia contra as Mulleres, que pretendía insistir nesta ocasión nas outras violencias de xénero, aquelas que non conseguiron a visibilidade acadada na axenda mediática pola violencia contra as mulleres no ámbito doméstico. Porque é este un problema social con moitas caras e cómpre sacalas á luz todas. Porque, como ben se indica na Plataforma para a Acción de Beijing (IV Conferencia Mundial sobre as Mulleres), violencia contra as mulleres é "todo acto de violencia sexista que ten como resultado posíbel ou real un dano de natureza física, sexual ou psicolóxica, incluíndo as ameazas, a coerción ou a privación arbitraria da liberdade para as mulleres, xa se produza na vida pública ou na privada." Polo tanto, violencia contra as mulleres son as violacións e agresións sexuais, a violencia contra as nenas no ámbito familiar, o acoso sexual e laboral, a violencia política e o feminicidio, a violencia psicolóxica ou a violencia cultural e a simbólica, entre outras moitas manifestacións.

Nesta segunda edición, acometida en colaboración co concello de Lugo, decidimos reflexionar sobre as outras faces deste monstro de mil cabezas. A primeira edición das xornadas centrárase case integramente na abordaxe da violencia contra as mulleres no contexto familiar, polo que criamos preciso insistir nas outras moitas caras da que vén a ser unha das máis extendidas violacións dos dereitos humanos. As comunicacións correron a cargo de expertas en comunicación e xénero e representantes do movemento asociativo, e estaban dirixidas fundamentalmente ás e aos profesionais dos medios de comunicación. De novo, os tres elementos dos que anteriorme falabamos (sociedade civil, prensa e ámbito académico) en relación. Os temas abordados foron a violencia política contra as mulleres, a violencia sexual, prostitución e tráfico de mulleres, violencia contra as nenas no ámbito familiar, violencia contra as nenas no ámbito escolar, o acoso laboral e o papel do feminismo na visibilización da violencia contra as mulleres (tratado por unha representante de Andaina, grupo feminista galego de ampla traxectoria).

O poder de convocatoria foi máis reducido ca na primeira ocasión, o que pode ser considerado síntoma da persistencia dunha visión reduccionista, exclusivamente centrada na violencia doméstica, na percepción prevalecente nos medios da problemática social conceptualizada como violencia contra as mulleres.

OBRADOIROS E CURSOS

Ao longo destes dous anos de traballo constatamos en varias ocasións o descoñecemento da perspectiva de xénero por parte das e dos profesionais da comunicación. O velo da aparente igualdade xa acadada, mecanismo de ocultación con gran vixencia e efectividade nas sociedades occidentais, tamén condiciona as actitudes das persoas que traballan nos medios. Detectado este baleiro, consideramos preciso a organización de actividades de formación que achegasen ás e aos xornalistas a reflexión sobre a construción social e mediática do xénero e a análise do sexismo nos medios de comunicación, así como ferramentas útiles para a detección dos mecanismos de construción sexista e androcéntrica do discurso mediático e estratexias concretas para a elaboración dunha información alternativa, enfocada dende a perspectiva de xénero. Cunha dupla finalidade, formativa e de debate, o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia colaborou co Seminario Comunicación e Xénero da Universidade de Santiago de Compostela, integrado no grupo de investigación CIDACOM (Cidadanía e Comunicación) da Facultade de Ciencias da Comunicación Compostelá, na organización de dous obradoiros e un curso, que tiveron lugar neste 2006 en varias das principais cidades galegas. As actividades organizadas foron as que seguen:

- Obradoiro “A violencia contra as mulleres nos medios. Comunicar máis aló do suceso”, celebrado en Vigo o 17 de xuño.
- Obradoiro “Linguaxe non sexista e información”, celebrado en Ourense o 24 de xuño
- Curso “Estratexias profesionais no xornalismo. Comunicar dende a perspectiva de xénero”, que tivo lugar en Compostela o 22 de xullo.

O primeiro dos obradoiros, “A violencia contra as mulleres nos medios. Comunicar máis aló do suceso”, é un chanzo máis no traballo de reflexión sobre o tratamento mediático da violencia contra as mulleres suscitado dende o Observatorio dos Medios nas xornadas de 2004. Malia a elaboración de sucesivos manuais nos últimos anos para unha mellora da abordaxe informativa deste problema social, puidemos

percibir que o coñecemento dos mesmos por parte das e dos xornalistas era escasa, así como é a todas luces insuficiente a aplicación das recomendacións recollidas nos mesmos. A reflexión e a formación dende a perspectiva de xénero é tanto máis urxente nun tema, como este, que pasou a formar parte habitual das axendas mediáticas nos últimos anos baixo a aureola do sensacionalismo, o morbo e a superficialidade. Escollemos Vigo por ser esta unha cidade cun intenso movemento feminista, cunha implicación fortísima na loita contra a violencia de xénero; por contar cun abondoso número de profesionais da comunicación e por ter sido, desgraciadamente, o escenario dalgún dos máis graves casos de violencia de xénero acontecidos nos últimos tempos en Galicia. A actividade formativa abondou en ámbitos como a construción social do xénero, a presenza do sexismo e do androcentrismo na representación mediática do xénero, a comprensión da violencia contra as mulleres dende unha perspectiva ampla (que comprenda dende a violencia estrutural e simbólica até a física e psicolóxica), a análise das principais eivas dos medios no tratamento da violencia contra as mulleres e a proposta de alternativas. Á sesión puramente formativa seguiu un espazo para o debate posterior, centrado no intercambio de pareceres entre as e os profesionais dos medios e as representantes do movemento feminista na zona ao redor, principalmente, da posibilidade de levar a cabo unha información alternativa sobre a violencia contra as mulleres. Quedou cumprida nesta última parte unha das principais finalidades do obradoiro: servir, ademais de espazo para a aprendizaxe, de foro para o debate e para o coñecemento mutuo entre xornalistas e fontes do movemento feminista.

Se ben neste primeiro obradoiro confirmar a asistencia e participación de xornalistas foi abondo difícil, máis complexa aínda foi a súa involucración no segundo, organizado en Ourense unha semana despois e centrado no uso da linguaxe non sexista. En ámbolos casos, os problemas de axenda (provocados polas longas xornadas de traballo, por certo, escasamente remuneradas, ás que se ve sometida a profesión) foron o argumento explícito máis esgrimido. Ben é certo que as condicións de traballo das e dos xornalistas (longas xornadas laborais, presións varias, precarización da profesión...) fan aínda máis difícil que comprometan o seu tempo en actividades de formación extra, mais a isto habería que engadir certa falta de concienciación sobre as dimensións do sexismo nos medios. Puidemos observar na organización dos obradoiros tanto unha insuficiente involucración nalgúns casos por parte das e dos responsábeis empresariais (que fixo imposible en ocasións conseguir que enviasen a algún ou algunha xornalista en representación do seu medio) como, máis en xeral, un

deficiente grao de concienciación por parte da profesión arredor da problemática sexista nos medios de comunicación. Esta falta de concienciación quizais sexa maior no caso da linguaxe non sexista. Polo que podemos comprobar na nosa experiencia, mentres que a violencia contra as mulleres é un problema social visíbel, por desgraza constatable nos abondosos casos de asasinatos, arredor de cuxa gravidade e necesidade de erradicación hai un consenso social bastante xeralizado, a linguaxe non sexista considérase unha cuestión secundaria e en moitas ocasións nin sequera é vista como problema que cómpara resolver. Lonxe do consenso suscitado na necesidade de avanzar en medidas que contribúan á eliminación da violencia de xénero, a erradicación da linguaxe sexista é sempre pasto da polémica. O programa deste segundo obradoiro -que ten o seu antecedente no curso organizado sobre linguaxe non sexista en Lugo en maio de 2005 entre o Colexio Profesional de Xornalistas e o concello lucente- xirou arredor de cuestións como o sexismo social e o mediático, as manifestacións da ollada androcéntrica, a necesidade da aplicación dunha perspectiva de xénero na información e, xa máis en concreto, a definición e características da linguaxe sexista, así como a adopción de estratexias prácticas para a súa superación.

O ciclo de actividades formativas do 2006 rematou coa organización dun curso en Santiago de Compostela, concibido a modo de compendio dos distintos aspectos abordados nos obradoiros anteriores. Deste xeito, esta actividade -tamén concibida cunha dobre natureza, como espazo de formación e de debate- foi dividida en tres bloques principais: 1) O sexismo social e a construción da desigualdad a través do sistema sexogénero; 2) O sexismo nos medios de comunicación e a perspectiva de xénero como alternativa; 3) O tratamento da violencia contra as mulleres nos medios de comunicación; 4) As estratexias para o uso dunha linguaxe non sexista". De novo, volvemos encontrarnos cos problemas organizativos cos que xa topamos en anteriores ocasións: a disponibilidad de asistencia e participación por parte do movemento asociativo e as dificultades para a involucración do ámbito profesional. Como conclusión desta experiencia poderíamos concluir que, para fomentar a participación do ámbito profesional, convirían actividades formativas practicamente á carta, totalmente adaptadas aos horarios dos diferentes medios.

Con esta bagaxe previa chegamos agora á organización do Foro Internacional sobre Comunicación e Xénero, no que pervive ese espírito de diálogo a tres bandas e que pretende, non só romper barreiras gremiais en pro da reflexión conxunta, senón tamén romper fronteiras espaciais mediante o uso das novas tecnoloxías, aproveitándose da rede para constituir un espazo para o encontro.

XORNALISMO SOCIAL

En xuño de 2006 entre en funcionamento o Seminario Permanente sobre Comunicación, Cidadanía e Xornalismo Social como iniciativa do Observatorio dos Medios, fruto dun acordo de colaboración coa Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar do Goberno Galego, procurando profundizar na análise, formación e debate das ligazóns existentes entre o tecido organizativo da sociedade civil, os profesionais da comunicación e a comunidade universitaria.

Desde esta premisa, desenvolveranse unha serie de actuacións buscando unha maior e máis efectiva presenza das problemáticas e dos actores sociais nos medios de comunicación, en condicións de igualdade de importancia en relación a outras temáticas e protagonistas cotidianos. Consideráronse prioritarias, entre outras, as seguintes áreas:

- Muller, xénero e sexismo;
- Infancia, adolescencia e mocidade;
- Necesidades especiais e discapacidades;
- Persoas maiores;
- Drogodependencias;
- Grupos minoritarios e minorizados;
- Pobreza e Cuarto Mundo;
- Exclusión e integración social;
- Participación democrática e cidadanía;
- Desenvolvemento sustentable;
- Responsabilidade social corporativa e
- Cooperación e acción humanitaria.

Como se indicou, a finalidade esencial é de reflexionar sobre a función social dos medios na sociedade actual, afrontando o fenómeno da comunicación de masas en relación co mundo dos coñecementos especializados e cos procesos de fragmentación e segmentación social. Búscase así analizar e valorar a participación dos medios de comunicación na construción da cidadanía e das identidades sociais, así como o potencial rehabilitador que para os propios medios (escritos, audiovisuais e electrónicos) comporta a entrada das organizacións da sociedade civil nas axendas xornalísticas. Deste xeito, abóndanse sistematicamente os novos actores sociais -o Terceiro Sector- na súa interacción cos medios e cos xornalistas, establecendo pautas teóricas e procedimentais que visualicen e plasmen na práctica a transversalidade do xornalismo social.

Levando en consideración a necesidade de desenvolver metodoloxía e tecnicamente a optimización do proceso de comunicación, non só entre as organizacións e os propios medios, senón tamén entre elas mesmas e os demais actores sociais, o Seminario ven deseñando estratexias orientadas á concienciación e sensibilización, por parte dos medios de comunicación, da necesidade de xerarquizar o eixo social na organización das redaccións e dos seus contidos, explorando así a súa articulación na axenda diaria en igualdade de importancia co tándem político-económico, ao tempo que permita redefinir a función social e a autoría profesional dos e das xornalistas.

Entre outras actuacións, que inclúen a creación dun fondo documental especializado, o seguemento das noticias relativas a temáticas sociais e a elaboración de diversas unidades didácticas e manuais teóricos, o Seminario Permanente ven apostando pola organización dunha serie de Foros Internacionais sobre as cuestións centrais que aborda. Estes Foros, que teñen un carácter mixto ao combinar unha fase virtual e unha fase presencial, pretenden estimular un diálogo transdisciplinar e multilateral entre profesionais da información, comunidade académica e sociedade civil organizada, colocando en común e discutindo as problemáticas que a todos incumben. Os textos e comunicacións presentados son disponibilizados en liña, participando todas as persoas implicadas na súa crítica e análise, como requirimento previo para a súa posterior publicación na revista especializada que lanzará o Seminario: *Comunicación e Cidadanía. Revista Internacional de Xornalismo Social - Social Journalism International Review* e nos CD-ROM nos que se inclúe a totalidade dos contidos do Foro. Estes eventos culminan nun encontro presencial no que establecen as conclusións finais (véxase último texto desta publicación).

Dentro do mundo académico, a celebración de congresos, seminarios, conferencias ou encontros de carácter internacional resulta crucial á hora de coñecer novas metodoloxías de traballo, trasladar novas propostas e proxectos, expor novas aplicacións de métodos, trocar, discutir, aprender novas ideas. Son, por tanto, espazos idóneos para dar a coñecer e debater os resultados das propias investigacións contrastándolas con outras fontes e perspectivas.

Isto resulta especialmente importante cando se abordan problemáticas sociais, converténdose a rede nunha ferramenta idónea para submeter os resultados das investigacións ao escrutinio e crítica aberta dos propios suxeitos de estudo, rachando así o habitual estancamento (ou, como moito, relación unidireccional) entre as realidades pesquisadas e os discursos sobre elas construídos, sexan estes científico-académicos ou xornalísticos. A necesidade de establecer un fluxo de retroalimentación válido e aceptábel para cada unha das partes é especialmente no-

toria nas ciencias sociais, sendo necesaria a inclusión no debate non só dos/as investigadores/as máis, sobre todo, das comunidades afectadas, habitualmente desprezadas despois do contacto inicial, e profesionais da información, responsábeis últimos pola implementación de calquer avance potencialmente realizábel.

Durante o século pasado, e aínda hoxe, a organización deste tipo de eventos tense visto dificultada considerabelmente por barreiras de tipo económico, sendo precisos enormes gastos e esforzos persoais en aspectos como as viaxes, aloxamento, edición e distribución de actas impresas, etc. Hoxe, as novas tecnoloxías da información e comunicacións permiten de feito superar estas trabas de forma relativamente sinxela, sempre e cando superemos os nosos propios prexuízos de cara a rede. O feito de pretender ligar a sectores diversos sectores sociais (investigadores, comunicadores e tecido asociativo afectado) con diferenzas sensíbeis nas formas de traballo, hábitos e espazos de interacción máis con nexos de unión aínda sen afianzar no campo das problemáticas e preocupacións comúns fai que se busquen fórmulas viábeis para efectivizar o relacionamento. É por ese motivo que o Observatorio Galego dos Medios está a apostar pola celebración de foros virtuais, e-ventos, complementados adicionalmente con xornadas de debate presencial que permiten consolidar un lazo de encontro entre os colectivos facilitando posteriores tomas de contacto.

A interface home-máquina, a nosa fascinación e ao mesmo tempo desconfianza pola tecnoloxía, o papel do comportamento no deseño do mundo virtual e a crecente importancia das contribucións procedentes de culturas diversas nas novas comunidades dixitais, amplían enormemente as posibilidades de celebrar encontros virtuais. O aproveitamento da Internet como canal de distribución permite que o seu potencial sexa empregado para recibir e enviar información especializada. Un dos xeitos máis sinxelos e cómodos de trocar e manter contacto con investigadores, profesionais da información e comunidades afectadas de todo o país así como de outras rexións do globo é a celebración de reunións virtuais. Se ben a realización dun Foro destas características mantén no fondo moitas das características propias dun evento presencial (existen datas predeterminadas nas que se colocan as comunicacións na Rede, días no que se deben enviar por correo electrónico, ...), a súa duración é variábel e normalmente máis extensa, pois non existen os imperativos de tempo que impoñen os encontros presenciais. O e-vento ten as mesmas implicacións sociais, políticas e científicas que calquera outro evento tradicional, aínda que con alcance infinitamente maior, pois permite estimular o diálogo entre profesionais, académicos e cidadanía en xeral e a nivel global facilitando o acceso aos contidos e debates de unha forma nunca imaxinada.

Deste xeito, fronte aos eventos de carácter presencial, os e-ventos proporcionan un amplo abanico de vantaxes. En primeiro lugar, as persoas non precisan deslocarse até o lugar onde se celebra o encontro, pois poden participar, a través do ordenador, desde as súas propias casas, locais de traballo ou estudo, cibercafés, etc. Non existe de feito un espazo físico xa que nos encontramos traballando no ciberespazo. Alén da ubicuidade, pois as persoas participantes poden estar espalladas polo mundo enteiro, esta modalidade permite tamén a asincronía, de modo que a maior parte dos foros, debates e demais accións poden ser realizadas no(s) momento(s) que mellor conveñan a cada participante (día ou noite, e en calquera franxa horaria). Isto non resta que se combine este sistema con encontros presenciais, nos que aqueles participantes que teñan dispoñibilidade para asistir poidan coñecerse e continuar os debates anteriores buscando establecer conclusións comúns e puntos de partida para futuras colaboracións e achegamentos.

Xa que nas fases virtuais non son precisos gastos de traslado, aloxamento, aluguer de locais, etc., os encontros poden prolongarse por moito máis tempo o que á súa vez permite optimizar a utilización da arquitectura virtual creada para a ocasión dando lugar a debates máis pausados, reflexións profundadas e auténtico avance nos coñecementos. Todo o material acumulado (comunicacións, conclusións, foros, etc.) pode ser lido, analizado e estudado con calma polas persoas inscrtitas (que teñen semanas para facelo) ben na propia rede ou descargándoo e imprimíndoo nas súas casas ou locais de traballo, ao contrario do que xeralmente acontece nos eventos presenciais nos que un grande número de información é disponibilizada, senón simultaneamente, en períodos moi curtos de tempo, facendo case imposíbel o aproveitamento real, ao que se debe engadir a excesiva e habitual demora na edición dos materiais de traballo e conclusións resultantes.

Relacionado con isto existe outra grande vantaxe, xa que toda a estrutura creada, contendo non só os textos apresentados, senón tamén os foros cos debates formais e informais fica almacenado da rede durante un tempo en principio ilimitado, ao contrario dos encontros presenciais nos que, como moito, se editan unhas actas en papel, habitualmente meses despois do evento en si (perdéndose igualmente todos os ricos debates xurdidos no momento e que nunca ou case nunca son rexistrados). Todo a estrutura web, incluíndo os elementos mencionados, pode igualmente ser volcado para un CD garantizando a súa permanencia. Isto resulta especialmente necesario cando o que se pretende é por en contacto os mundos académico, mediático e dos colectivos sociais implicados, sendo tan ou máis interesantes os propios diálogos, discusións e debates xerados (un auténtico laboratorio social virtual) en torno

non só ás comunicacións de investigadores mais tamén das propias experiencias e valoracións reais de profesionais da información e afectados.

Ao ficaren todos os traballos na Rede, cabe a posibilidade de que investigadores/as de calquera parte do globo, que non tivesen coñecemento da existencia do evento no seu momento, poidan, meses ou anos despois encontrar os contidos a través dos motores de pesquisa (como *google, altavista, yahoo*, etc.) que rexistran nomes, documentos, e termos específicos. Foméntase así o intercambio entre especialistas e non especialistas, unha vez que a rede está aberta ao acceso de calquera persoa que dispoña do tempo e das tecnoloxías necesarias, evitando viaxes e complexos trámites e esperas burocráticas en función de bibliotecas universitarias e centros de investigación lonxanos. A propia rede funciona así como o mellor catálogo en liña e motor de indexación de información existente a nivel global.

Do mesmo xeito que os eventos tradicionais, este tipo de encontros está aberto a diversas formas de participación que se tentarán desenvolver no futuro: presentando comunicacións ou historias de vida; presentando obradoiros en-liña; participando nos grupos/talleres; lendo ou comentado os traballos expostos; presentando conferencias en-liña; moderando foros de debate; etc. Realmente as posibilidades de interacción están máis ben limitadas pola imaxinación do que pola tecnoloxía e será coa experimentación que se encontren novas fórmulas

Considerando o compromiso e anterior traxectoria do Observatorio con todo o relativo ao estudo e análise da muller e os medios, o primeiro destes encontros, baixo a denominación, Foro Internacional sobre Comunicación e Xénero, centrouse nesta temática. Sen dúbida, na nosa sociedade, a da información, a do coñecemento, a das novas tecnoloxías, os medios de comunicación eríxense como eficaces transmisores de ideoloxía ao servizo do patriarcado. Eles, que deberan ser piares dunha sociedade democrática e fieis divulgadores dos seus valores -un dos fundamentais, a igualdade- seguen a ser reprodutores de silenzos, invisibilizacións, estereotipos e discriminacións por razón de xénero.

Hoxe en día, as vellas marxinações perviven con outras máis sutís, e sempre atopan nos focos mediáticos un campo fértil de reprodución. Na maior parte do mundo, as discriminacións ás mulleres son palpábeis e ferintes. A desigualdade é patente no ámbito legal, político, económico, relixioso e familiar, que xuntamente cimantan as bases dun establishment que trata ás mulleres como cidadás de segunda. Pásase por alto unha fórmula amplamente demostrada: as mulleres son eixos básicos para o desenvolvemento económico e social e os medios de comunicación constitúen ferramentas útiles para o seu empoderamento.

Por outra banda, nos currunchos privilexiados do planeta, a sociedade vive inmersa na nada inocente falacia da igualdade. Convencida de que a equiparación de dereitos é meta xa conseguida, a cidadanía a miúdo non é consciente das outras facetas da discriminación sexista que os medios de comunicación divulgan con eficacia. Nas últimas décadas, foron moitos os esforzos realizados dende o mundo académico, profesional e asociativo por desentrañar o papel dos medios de comunicación como reprodutores da ideoloxía sexista. Este foro pretendeu precisamente por en contacto os coñecementos, experiencias, intereses e puntos de vista destes tres ámbitos.

Desde os medios a miúdo se descoñece o traballo que se está a realizar no mundo académico ou descártase por considerar que está demasiado alonxado da realidade profesional do día a día. Como resultado, a teoría non é levada á práctica. Desde as redes feministas e o movemento organizado de mulleres, realízase un importante traballo de loita e concienciación que moitas veces non consegue chegar á axenda mediática ou chega de maneira deturpada. Conscientes como son da necesidade dunha análise crítica dos medios, é necesario que os seus esforzos se poñan máis en contacto cos realizados dende o traballo académico. Desde a sector académico, bótanse en falta canles de contacto fluído co mundo profesional e asociativo, que permitan transmitir e contrastar os resultados das súas investigacións. Ademais, é preciso un maior intercambio e coñecemento mutuo entre as estudosas e estudosos que se interesan nesta liña de traballo dende distintas partes do mundo, para camiñar cara a un progresivo enriquecemento das conclusións da investigación. Queremos, desta forma, coñecernos, dialogar e contrastar pareceres, unir forzas e percorrer, tanto nun sentido como no outro, a senda marcada pola experiencia, a conciencia e ciencia.

Estabelecéronse así as seguintes áreas temáticas:

- Comunicación e estudos de xénero, feministas ou das mulleres: teorías, métodos, estado da cuestión;
- O xénero nos medios de comunicación: fase de produción, contidos e audiencias;
- As representacións da femineidade, masculinidade e sexualidade nos medios, nos campos da información, da ficción, do entretemento ou publicitario;
- As representacións da violencia contra as mulleres nos medios de comunicación;
- As relacións de xénero e a perspectiva de xénero no ámbito profesional dos medios: o xénero na estrutura empresarial, directiva e redaccional; a situación profesional das mulleres xornalistas; a relación entre o ámbito profesional e os contidos; o movemento asociativo das mulleres profesionais da comunicación; a aplicación da perspectiva de xénero nas redaccións etc.;

- Movemento asociativo, redes de mulleres e comunicación: iniciativas comunicativas dende o movemento feminista e organizado de mulleres; as relacións das redes asociativas cos medios de comunicación; o seu acceso á axenda dos medios; as representacións do feminismo e o movemento organizado de mulleres nos medios...;
- O xénero na confluencia das discriminacións (racial, económica, orientación sexual, discapacidade...). Unha visión dende a comunicación;
- Xénero, medios e desenvolvemento. Os medios de comunicación como arma de empoderamento para as mulleres;
- O sexismo na linguaxe dos medios e
- Xénero e tecnoloxías da información e da comunicación.

Como se indicou anteriormente, os obxectivos do encontro foron:

- Romper fronteiras gremiais: Establecer canles de diálogo, debate e cooperación, entre medios, mundo académico e o movemento asociativo. Abrir vías de contacto entre a teoría e a práctica da comunicación. Dar a coñecer á sociedade as principais conclusións da análise dos medios dende a perspectiva de xénero;
- Romper fronteiras xeográficas: Poñer en contacto a investigadoras/es, asociacións e profesionais de todo o mundo, dando a coñecer o seu traballo e fomentando a interrelación e
- Romper barreiras editoriais: Contribuír á divulgación e publicación de traballos, experiencias e iniciativas, tanto dende o ámbito académico como asociativo e profesional.

Máis concretamente, pretendeuse:

- Analizar as discriminacións persistentes nas representacións de xénero realizadas polos medios de comunicación, dende o campo da información até o da ficción e o entretemento.
- Afondar no papel actual das mulleres no ámbito da produción mediática, nos contidos e como audiencia.
- Sondar os intereses actuais de investigación en xénero e comunicación.
- Difundir a perspectiva de xénero na comunicación.
- Afondar nas relacións entre feminismo, movemento organizado de mulleres e comunicación.
- Dar a coñecer as iniciativas de comunicación alternativa dende a perspectiva de xénero.
- Reflexionar sobre o uso da comunicación como arma para o empoderamento das mulleres e para o desenvolvemento social dende a perspectiva de xénero.

- Dar a coñecer as opinións, experiencias e iniciativas das e dos propios profesionais da comunicación en relación coa discriminación de xénero e a aplicación da perspectiva de xénero no seo dos medios de comunicación.

•

Ana Belén Puñal Rama é Doutoranda en Comunicación e Xornalismo na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Compostela e Licenciada en Xornalismo polo mesmo centro. Alén de desenvolver investigacións académicas no campo da comunicación e dos estudos de xénero, traballa como xornalista na revista *Tempos Novos*, onde ocupa o posto de Coordinadora. Foi tamén Coordinadora de contidos do I Foro Internacional sobre Comunicación e Xénero. E-mail: belensofan@hotmail.com.

Joám Evans Pim é Doutorando en Comunicación e Xornalismo na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Compostela e Licenciado en Xornalismo polo mesmo centro, onde actualmente exerce como Profesor de Comunicación Audiovisual. Desde 2005 é Secretario Executivo do Observatorio Galego dos Medios (Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia). E-mail: jevans@usc.es.

Luís Álvarez Pousa é é Profesor titular de Xornalismo Especializado na Facultade de Ciencias da Comunicación (Universidade de Santiago). Licenciado en Xornalismo pola Universidade Complutense de Madrid; doutor en Historia Contemporánea pola Universidade compostelá. Alén de ser Director da revista *Tempos Novos*, é membro da Xunta de Goberno do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia e Director do Observatorio Galego dos Medios. E-mail: lapousa@usc.es.

